



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE DE TRES PEÓNS DE BRIGADA AO ABEIRO DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE CAMARIÑAS, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE OS ANOS 2025-2026 UNHA VEZ RESOLTO O RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR UN DOS ASPIRANTES.

EXPEDIENTE: 2026/E001/000009

Vista a acta final e a proposta do Tribunal Cualificador do proceso de selección, mediante oposición, de tres peóns de brigada ao abeiro do convenio entre a consellería do medio rural e a entidade local, Concello de Camariñas, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por decreto da Alcaldía de data 23/6/2025 e publicadas no BOP número 91 do 18/05/2026.

Vista a acta do tribunal cualificador que transcribo literalmente :

“En Camariñas, a 01 de xullo de dous mil vinte e seis, sendo as 09:30 horas, reúnen no salón de plenos , os membros do Tribunal cualificador do proceso selectivo para a contratación de tres peóns de Brigada para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os anos 2025-2026 , para resolución do recurso de alzada interposto por D.Juan Ismael Blanco Martinez .

Presidente/a: Francisco José Puga Bestilleiro, técnico deportivo do Concello de Camariñas.

Vogais:

D^a M^a Emilia García Maneiro, Interventora do Concello de Camariñas.

D^a Alianza Trillo Cabrejo, Educadora Familiar do Concello de Camariñas

D^a Eva Jardón López, Secretaria do Concello de Camariñas

Secretaria: D^a Alicia Queiro Pérez, Técnica Económica Financeira do Concello de Camariñas.

Dada a presenza de todos os membros do tribunal considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación do tribunal

En Camariñas (A Coruña), na data e hora ao comezo indicados reúnen as persoas arriba relacionadas, ao obxecto de resolver o recurso de alzada interposto por don José Ismael Blanco

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Martínez, en data 29 de xuño de 2026, rexistro de entrada 20260000001724 contra as cualificacións outorgadas polo Tribunal cualificador do proceso para a selección de tres peóns de brigada para o Concello de Camariñas, no que solicita a revisión a alza da cualificación da proba 1 (mangueiras) elevándoa a un 9, baseándose no feito de que a supervisión directa do exercicio recaio de forma material e inmediata no Sr. Pérez Carril, sinalando que realizou un perfecto e axustado enrolado da mangueira, garantindo a compactación exacta para que o transporte por parte dos brigadistas sexa rápido, seguro e libre de enredos en situacións de emerxencia e que dita solvencia técnica foi avaliada en primeira liña por don José Antonio Pérez Carril quen ao finalizar o exercicio ratificou de forma expresa que o seu desenrolo foi o mellor, merecedor dunha cualificación mínima de 9 puntos.

Asistindo o Presidente, a Secretaria e os vogais sinalados, declárase válida a constitución do Tribunal, para os efectos de proceder á resolución do recurso dealzada que se fundamenta nos seguintes puntos

PRIMEIRO.- ARBITRARIEDAD MATERIAL E ERRO NA APRECIACIÓN DA PROBA 2 ESTIRADO DE MANGUEIRAS.

Visto o disposto no artigo 13.3 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado sinala que “Os Tribunais e as Comisións Permanentes de Selección poderán dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, de acordo co previsto nas correspondentes convocatorias. Devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas”.

Neste senso, as bases de selección para contratación dun peón condutor de brigada aprobadas mediante decreto 470/2026 de data 13 de maio de 2026 e publicadas no BOP de data 18 de maio de 2026 prevén a posibilidade de que o Tribunal dispoña a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

Así, o tribunal contou para a realización das probas co apoio dunha motobomba e do seu condutor (José Antonio Pérez Carril DNI 32****53S) e dun capataz forestal (Angel García González, DNI: 47****14L) , persoal da Xunta de Galicia do distrito forestal V segundo resulta da acta, non sendo don José Antonio Pérez Carril o único especialista técnico que interviño na realización da proba.

Polo que respecta ao modo no que se levou a cabo o antedito asesoramento, hai que ter en conta que o mesmo foi verbal. Os membros do distrito forestal V da Xunta de Galicia, comunicaron

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

directamente ao tribunal a valoración final que conferían aos candidatos, sinalando os asesores que no caso da proba de mangureira o desempeño da mesma polos aspirantes foi moi similar e conferindo a todos eles unha cualificación de 7 puntos, con independencia das apreciacións ou valoracións iniciais anteriores, puntuación esta, que foi asumida polo Tribunal.

Neste senso, hai que ter en conta que a función dos asesores técnicos cínquese, en exclusiva, a axuizar, desde un punto de vista técnico, a capacidade e preparación dun conxunto de aspirantes, e a determinar cales de todos eles son os máis aptos e capacitados para acceder ás prazas convocadas, a xuízo do órgano de selección, e conforme un principio (obxectivo) de discrecionalidade técnica que exclúe, por tanto, a arbitrariedade. Así se vén entendendo que as valoracións e as cualificacións que dan os órganos de selección aos exercicios, son da exclusiva soberanía dos mesmos, sen que o Tribunal poida ter en conta apreciacións ou comentarios que podan realizarse fora do seu seno, e neste contexto, é preciso recordar que ditos tribunais están sometidos a un deber de sxiilo profesional, que se estende ao coñecemento de datos, feitos ou circunstancias do proceso de selección, que adquiren os seus membros, por mor da súa pertenza ao órgano colexiado e que implica que non poidan facilitar información de tales datos a persoas alleas ao propio órgano ou tribunal de selección, polo que, de ser certas as manifestacións do aspirante sobre o traslado de información acerca das cualificacións por parte do asesor don José Antonio Pérez Carril poderían ser constitutivas dunha infracción coas consecuencias que isto supón.

O Tribunal, coa súa discrecionalidade técnica, e seguindo o criterio dos seus asesores, valorou aos candidatos atendendo aos principios de igualdade, mérito e capacidade recollidos nos artigos 23.2 e 103.3 da Constitución Española e o artigo 55 do Texto Refundido do Estatuto do Emprego Público polo que á información allea ao Tribunal á que puidese ter acceso don José Ismael Blanco Martínez non constitúe causa obxectiva que motive unha revisión das valoracións outorgadas,

SEGUNDO.- VULNERACIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE NA PROBA 2 COLOCACIÓN DE EPIS E NA PROBA 3 MONTAXE DA ROZADOIRA E ENCENDIDO.

Sinala o candidato que na proba 2 (colocación de EPIS) se lle asigna unha puntuación de 6, inferior á de outros competidores e que lle consta, por manifestación expresa do candidato afectado que un dos compañeiros con maior nota esqueceu colocar un dos EPIS regulamentarios.

O Tribunal procede á revisión das notas de cualificación e comproba que o candidato de referencia esqueceu a colocación do delantal para desbrozadora e que obtivo unha puntuación de 6,5, mentres que o recorrente, habendo colocado todos os EPIS obtivo unha valoración de 6 puntos, neste senso hai que sinalar que o tribunal valorou non so a colocación da totalidade dos EPIS, senón tamén

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

a habilidade, destreza e axilidade na colocación dos mesmos, e en base a ditos criterios o tribunal atendendo a súa discrecionalidade técnico levou a cabo a cualificación.

En relación coa proba 3 (montaxe da rozadoira e encendido), sinala que se lle outorgou a menor nota dos aprobados (7,60) e se incorre nun erro de proporcionalidade, dado que o aspirante subsanó de forma inmediata un leve erro inicial na peza base e realizou o encendido da máquina á primeira, mentres que se puntuó con notable o sobresaínte a competidores que mostraron severas dificultades técnicas e reiterados fallos para lograr o arranque da máquina.

O Tribunal procede á revisión da actuación do candidato e comproba que este cometeu inicialmente diferentes erros na montaxe da rozadoira, sendo estes determinantes para á valoración da proba, a consideración dos erros como leves ou non compréndese dentro da discrecionalidade técnica do tribunal, sen que a apreciación do aspirante sobre a gravidade do erro sexa determinante ou obxectiva para motivar unha nova valoración da proba.

TERCEIRO.- INCONGRUENCIA SANCIONADORA NA PROBA 4: AFIADO DA MOTOSERRA.

Sinala o candidato que nesta proba o asesor municipal don José Manuel Ameijeiras Oreiro interrompeu a execución do recorrente de forma fulminante nada mais iniciar a maniobra, ordenando parar o exercicio de xeito unilateral e sinala que con dita acción, o examinador deu a entender de forma inequívoca que o aspirante dominaba a técnica de sobra e que estaba perfectamente capacitado, considerando innecesario continuar co desenrolo da mesma. Resulta contrario á lóxica técnica e ao principio de equidade que, tras deter o exercicio o propio asesor por dar por acreditada a solvencia do aspirante, se detraía puntuación asignando un 9 en lugar do 10. Interromper o exame deste xeito impide materialmente ao opositor culminar os ítems de perfección, polo que dita parada por parte do tribunal debe conlevar a nota máxima se o motivo da mesma é a evidencia fáctica do seu éxito.

O Tribunal procede á revisión da actuación do candidato e as cualificacións conferidas e sinala que a realización da proba foi de duración limitada para todos os candidatos, sendo dito tempo suficiente para apreciar o manexo e capacidade destes para a realización da tarefa, é polo que o asesor do tribunal parou as probas de todos eles, unha vez comprobada dita destreza, e sen que iso poida presupoñer a excelencia ou non na súa realización. O asesor comunicou a súa valoración ao Tribunal que admitiu a mesma entendendo que se ben a realización foi correcta e sobresaínte non acadou á perfección, polo que a apreciación do aspirante sobre o seu desempeño non constitúe causa obxectiva que motive a revisión da valoración.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Este Tribunal, en relación cos dous puntos anteriores das alegacións, ten en conta a reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras, ad exemplum, SSTS da Sala 4ª, 22 Nov. 1983, 27 Jun. 1986; Sala 5ª, 17 Dic. 1986, 29 Dic. 1988, 28 Sep. 1989; e Sala 3ª, 18 Ene. 1990, 27 Abr. 1990, 13 Mar. 1991 e 25 Sep. 1992, das que resulta que os órganos cualificadores de concursos e oposicións gozan da denominada discrecionalidade técnica no desenvolvemento da súa labor de valoración. Así mesmo, e xurisprudencia constante que “os Tribunais de Xustiza, do mesmo xeito que a Administración de que depende o órgano cualificador, carecen de competencia para substituír a este na valoración dos méritos e coñecementos achegados ás probas selectivas para medir a aptitude e capacidade dos que a elas concorren, calquera que sexa a índole obxectiva dos coñecementos para valorarse», engadindo que «a valoración da calidade intrínseca de méritos e aptitudes dos concorrentes a probas selectivas pertence en exclusiva ao órgano cualificador en uso dunha discrecionalidade técnica, non revisable jurisdiccionalmente”. A doutrina é precisa e reiterada [véxanse Sentenzas do Tribunal Supremo do 18 de novembro de 1986 (EC 357/1989), do 29 de xaneiro de 1991 (EC 2428/1992); etc.] e trata de garantir que sexan os órganos de selección os que cualifiquen e valoren as probas, sen que fronte ao seu criterio prevalezan os que poidan chegar outros peritos ou o que o Concello entenda ao respecto e moito mesmo, as valoracións ou consideracións persoais dos aspirantes sobre a súa actuación ante o tribunal.

Por todo o anterior exposto, o Tribunal acorda por UNANIMIDADE desestimar o recurso de alzada interposto por don José Ismael Blanco Martínez en data 29 de xuño de 2026 mantendo as cualificacións iniciais e propoñe a Alcaldía:

Primeiro.- Desestimar o recurso de alzada interposto por don José Ismael Blanco Martínez en data 29 de xuño de 2026 rexistro de entrada 20260000001724 por non concorrer causas obxectivas que motiven a revisión das valoracións conferidas.

Segundo.- Desestimar a solicitude de suspensión cautelar da contratación por operatividade da brigada continuando coa tramitación do procedemento.

Terceiro.- - Propoñer á Alcaldía a contratación laboral temporal dos seguintes aspirantes que figuran nos tres primeiros lugares na relación de candidatos aprobada definitivamente e ordenada por puntuacións totais finais:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
BLANCO MARÍA, ALEXIS	32,00
LUACES CASTRO, DANIEL	31,50
SOUTO REGO, DAVID	30,50

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Cuarto.- Proponer á Alcaldía, de conformidade co disposto na base oitava das bases, a formalización/aprobación da Bolsa de emprego para a contratación de tres peóns de brigada de incendios, coa orde de chamamento de puntuación total final, de maior a menor, obtida polos aspirantes aprobados que a continuación se indican :

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1	BERMÚDEZ CARRIL, ROBERTO	30,00
2	BLANCO MARTÍNEZ, ISMAEL	29,60
3	IGLESIAS CAAMAÑO, ROBERTO	29,50

De conformidade co disposto na base 8ª e 9ª da convocatoria, en uso das competencias que me atribúe o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

ACORDO:

Primeiro: Desestimar o recurso de alzada interposto por don Jose Ismael Blanco Martinez en data 29 de xuño de 2026 rexistro de entrada 20260000001724 por non concorrer causas obxectivas que motiven a revisión das valoracións conferidas.

Segundo.- Desestimar a solicitude de suspensión cautelar da contratación por operatividade da brigada continuando coa tramitación do procedemento.

Terceiro.- Notificar a presente ao interesado de conformidade co disposto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común.

Cuarto.- Aceptar a proposta , realizada polo tribunal cualificador de contratación do seguinte candidato para os postos de tres peóns de brigada, segundo a puntuación final, obtida polos aspirantes aprobados que a continuación se indican:

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1	BLANCO MARÍA, ALEXIS	32,00
2	LUACES CASTRO, DANIEL	31,50
3	SOUTO REGO, DAVID	30,50

Quinto.- Aos efectos do previsto na Base 8ª da convocatoria, acéptase a proposta realizada polo tribunal e queda aprobada a Bolsa de emprego para a contratación de tres peóns de brigada, coa orde

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

de chamamento de puntuación total final, de maior a menor, obtida polos aspirantes aprobados que a continuación se indica:

Nº	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
1	BERMÚDEZ CARRIL, ROBERTO	30,00
2	BLANCO MARTÍNEZ, ISMAEL	29,60
3	IGLESIAS CAAMAÑO, ROBERTO	29,50

Sexto: Facer público o presente decreto mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Camariñas, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola alcaldesa Sandra Insua Rial ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.

O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)